

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*EXTRACTO da Orde do 27 de agosto de 2020 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión das axudas da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MR605A).*

BDNS (Identif.): 492509.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da orde de ampliación de crédito cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**Artigo único**

1. Ampliar a dotación orzamentaria asignada á Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MR605A), con cargo ás disponibilidades orzamentarias existentes na aplicación 14.03.713B.770.0 por importe de 1.300.000,00 euros, nas seguintes anualidades:

– Ano 2020: 142.500,00 euros.

– Ano 2021: 1.157.500,00 euros.

Como resultado desta ampliación, o orzamento total asignado á presente orde é o seguinte:



– Ano 2020: 1.667.500,00 euros na aplicación orzamentaria 14.03.713B.770.0.

No código de proxecto 2016 00209: 1.090.000,00 €.

No código de proxecto 2016 00210: 577.500,00 €.

– Ano 2021: 12.632.500,00 euros na aplicación orzamentaria 14.03.713B.770.0.

No código de proxecto 2016 00209: 8.810.000,00 €.

No código de proxecto 2016 00210: 3.822.500,00 €.

2. As accións previstas nesta orde financiaranse, nos exercicios 2020 e 2021, con cargo aos seguintes códigos de proxecto:

a) 14.03.713B.770.0.2016 00209 por un importe de 9.900.000 € distribuídos do seguinte xeito:

– 1.090.000 €, ano 2020.

– 8.810.000 €, ano 2021.

Dentro de cada tipo de beneficiario segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).1º (rareos en masas estables de coníferas con diámetro normal medio da masa inferior a 15 cm): 545.000 € para o ano 2020, 4.405.000 € para o ano 2021.

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.a).2º (rozas e podas en masas de coníferas): 545.000 € para o ano 2020, 4.405.000 € para o ano 2021.

b) 14.03.713B.770.0.2016 00210 por un importe de 4.400.000 € distribuídos do seguinte xeito:

– 577.500 €, ano 2020.

– 3.822.500,00 €, ano 2021.



Dentro de cada tipo de beneficiario segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).1º (tratamentos silvícolas de masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras con diámetro normal medio inferior a 30 cm): 276.250 € para o ano 2020, 1.923.750 € para o ano 2021.

– Actuacións incluídas no artigo 5.1.b).2º (rexeneración e/ou mellora de soutos de castiñeiros): 301.250 € para o ano 2020, 1.898.750 € para o ano 2021.

Esta dotación poderá ser incrementada con fondos comunitarios, do Estado ou da Comunidade Autónoma.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na dita orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

4. O incremento de crédito previsto no artigo 1 desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na dita Orde do 23 de decembro de 2019 (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro de 2020).

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2020

José Luis Chan Rodríguez  
Director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

CVE-DOG: cbbavvc4-bhb0-ufn7-8r11-o9saefqje02

